

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Bolsa de práctica laboral

BASES DA CONVOCATORIA DAS 101 BOLSAS VACANTES DO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL EN EMPRESAS PRIVADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2016

BASES DA CONVOCATORIA DAS 101 BOLSAS VACANTES DO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL EN EMPRESAS PRIVADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2016

Con fundamento no artigo 35.2.b da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do 15 de setembro de 2017, acorda aprobar a convocatoria de 101 bolsas de práctica laboral no sector empresarial da provincia de Pontevedra, que se rexerá polas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, 101 bolsas de práctica laboral vacantes no Plan de práctica laboral en empresas 2016, relacionadas no anexo I desta convocatoria e destinadas a persoas tituladas universitarias ou de formación profesional, segundo os casos, sen experiencia laboral previa no ámbito da súa titulación, coa finalidade de promover e completar a súa formación en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa incorporación ao mercado laboral.

Segunda. Condicións das persoas aspirantes

Poderán ser beneficiarias destas bolsas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española ou dun dos países membros da Unión Europea
2. Estar en posesión da titulación académica esixida no anexo I para cada unha das bolsas convocadas na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
3. Estar en posesión da titulación académica correspondente aos estudos obxecto da bolsa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007.
4. Non ter ningunha enfermidade nin incapacidade física, psíquica ou sensorial que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa.



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

5. Non beneficiarse na actualidade dunha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia, tomándose como referencia para tal efecto o período de tempo que transcurra desde a data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) ata o día en que teña lugar a adxudicación das bolsas.
6. Non beneficiarse con anterioridade dunha bolsa cunha duración superior a seis meses dos plans de práctica laboral do organismo provincial nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia.
7. Non beneficiarse con anterioridade dunha bolsa remunerada de duración superior a seis meses na institución provincial nin nos organismos autónomos.
8. Constar no padrón de calquera termo municipal da provincia de Pontevedra con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2017 ou acreditar unha antigüidade no padrón dun mínimo de cinco anos.
9. Constar no Servizo Público de Emprego como demandante ou en mellora de emprego.
10. Non ter experiencia laboral previa superior a seis meses na profesión ou área de coñecementos, entendendo por isto non ter anteriormente un contrato polos grupos de cotización correspondentes aos niveis formativos da titulación esixida nin de alta como autónomo/a por un período de tempo de duración superior a seis meses en actividades relacionadas co obxecto da bolsa.
11. Acreditar o nivel Celga IV (para as bolsas de titulacións universitarias) e o Celga III (para as bolsas destinadas a ciclos superiores de formación profesional).
12. Ter a disposición de asumir os gastos de desprazamento ao centro de traballo de destino.
13. Non incorrer en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)

Terceira. Dotación económica

A dotación económica das bolsas, determinada polo nivel de titulación, será de oitocentos (800,00) euros ao mes para as persoas con titulación universitaria e de setecentos (700,00) euros ao mes para as de ciclos superiores de formación profesional, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 17/240.2410.481.47 e 17/240.2410.160.03 e ás correspondentes aplicacións vinculadas xuridicamente. A dotación correspondente ao exercicio 2018 imputarase ás aplicacións previstas para tal fin no orzamento de ano mencionado e aos remanentes de crédito do ano 2017.

O pagamento das bolsas realizarase a partir da data de incorporación da persoa beneficiaria, por mensualidades completas ou pola parte proporcional. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza.

Non obstante, a entidade adxudicataria das bolsas de prácticas deberá sufragar os gastos de desprazamento e de estancia orixinados pola realización, fóra do lugar da residencia, de determinados estudos e informes relacionados coa formación práctica da persoa bolseira, de acordo cos límites previstos no Real decreto 462/2002, de indemnizacións por razón do servizo.

Código seguro de verificación: ABL5LJE6Z8Q83AYL



Cuarta. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse da seguinte forma:

1. En primeiro lugar será necesario realizar unha preinscripción a través da páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.es), para o que se deberán seguir estes pasos:

- Cubrir os datos solicitados na páxina web, correspondentes ao modelo oficial de solicitude do anexo I, e premer o botón enviar.

As candidatas e candidatos deberán asegurarse da validez e operatividade do número de teléfono móbil para poder recibir as comunicacións necesarias durante todo o proceso, debendo notificarlle á Deputación calquera cambio deste número.

- Descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola páxina web tras realizar o envío. Este xustificante incluirá un código único de preinscripción.

2. A continuación deberase presentar o xustificante electrónico xerado durante o proceso de preinscripción, debidamente asinado, no Rexistro xeral da Deputación de Pontevedra (Avda. Montero Ríos, s/n), no da súa sede de Vigo (Rúa Oporto, 3), nas oficinas do ORAL, ou a través dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) dentro do prazo establecido no apartado dous, xunto coa seguinte documentación, que se deberá entregar nesta orde:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou calquera outro que o substitúa
- b) Certificado ou volante de empadramento actualizado con data posterior ao 1 de xaneiro do 2017, no que se acredite a data de alta ou antigüidade no padrón municipal.
- c) Documento acreditativo da titulación académica esixida ou de estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo para presentar as solicitudes.
- d) Certificado do expediente académico no que conste a nota media, calculada segundo o sistema establecido no R. d. 1125/03, de 5 de setembro, para a súa valoración na fase de concurso, ou o que corresponda para os ciclos formativos segundo o previsto no R. d. 1147/2011, de 29 de xullo.
- e) Certificado acreditativo do nivel correspondente de coñecemento da lingua galega.
- f) Declaración xurada na que a persoa interesada se compromete a renunciar, no caso de ser seleccionada, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa.
- g) Certificado que acredite non ter ningunha enfermidade nin incapacidade física, psíquica ou sensorial que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa, ou declaración xurada da persoa solicitante de que cumpre este requisito.
- h) Informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado, con data igual ou posterior ao día no que se publica esta convocatoria. É preciso entregar todas as páxinas e, no caso de ter experiencia laboral no mesmo grupo de cotización



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

non relacionada coa titulación, débese entregar tamén unha fotocopia do contrato de traballo e do certificado das tarefas realizadas.

- i) Fotocopia da tarxeta de demanda ou mellora de emprego actualizada.
- j) Declaración xurada de non beneficiarse na actualidade dunha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia, tomando como referencia para tal efecto o período de tempo que transcorre desde a data da publicación desta convocatoria ata o día no que teña lugar a adxudicación das bolsas.
- k) Declaración xurada de que non se beneficiou anteriormente dunha bolsa cunha duración superior a seis meses dos plans de práctica laboral do organismo provincial nos distintos centros ou servizos, nin nos concellos ou empresas da provincia
- l) Declaración xurada de non beneficiarse anteriormente dunha bolsa remunerada nos extinguidos organismos autónomos, cunha duración superior a seis meses
- m) Declaración xurada de ter a disposición de asumir os gastos de desprazamento ao centro de traballo de destino
- n) Calquera outra documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso non recollida nos apartados anteriores

2. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOPPO.

3. As persoas solicitantes estarán, en canto á presentación das instancias, ao disposto no artigo 23, nos apartados 3, 4 e 5 da LXS, en todo o que sexa de aplicación, ademais do recollido no apartado primeiro desta cláusula.

Quinta. Emendas

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias a Deputación ditará unha resolución na que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión. Este documento publicarase na páxina www.depo.es.

As persoas excluídas ou omitidas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de se produciren reclamacións deberá ditarse unha nova resolución, estimándoas ou desestimándoas e aprobando a lista definitiva, que se publicará na web da institución provincial.

Dentro deste prazo poderán emendar os defectos formais da documentación acreditativa dos méritos alegados na presentación de instancias.

Sexta. Comisión de selección

Para a selección das persoas bolseiras constituirase unha comisión, que estará integrada polos seguintes membros:



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

- Presidenta/e: unha xefa ou xefe de servizo ou centro da Deputación
- Vogais: un/unha funcionaria técnica superior, un/unha representante da universidade e un/unha representante das empresas
- Secretaria/o: a/o da Deputación ou un/unha funcionaria de carreira con titulación superior en quen delegue

Sétima. Selección das persoas bolseiras

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira, de concurso e valoración da documentación presentada polas persoas admitidas e, a segunda, de realización dunha proba tipo test sobre o contido do programa.

1) Primeira fase: baremo de méritos. Os méritos acreditados polas persoas interesadas dentro do prazo de presentación de solicitudes serán valorados segundo os seguintes criterios e ata un máximo de 10 puntos:

- a) Expediente académico: ata un máximo de catro (4,00 puntos), segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias segundo o R. d. 1125/03, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional segundo o R. d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que algunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou estas non se especifiquen valorarase con cero (0,00) puntos
- b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos
- c) Por cada título oficial de máster universitario relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos por cada un, ata un máximo de 2,00 puntos
- d) Por posuír unha segunda titulación académica de licenciatura, grao, enxeñería, arquitectura ou ciclo de formación profesional, distinta e relacionada coas prácticas que se van desenvolver, de nivel igual ou superior á esixida no expediente da bolsa á que opta, 0,50 puntos por título, deica un máximo de 1,00 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior)
- e) Por transcorrer catro ou máis anos desde a finalización dos estudos universitarios, 1,00 punto
- f) Por transcorrer entre tres e catro anos desde a finalización dos estudos universitarios, 0,90 puntos
- g) Se transcorreron entre dous e tres anos desde a finalización dos estudos universitarios, 0,80 puntos
- h) Se transcorreron menos de dous anos desde a finalización dos estudos universitarios, 0,70 puntos
- i) Se transcorreu menos dun ano desde a finalización dos estudos universitarios, 0,60 puntos

Código seguro de verificación: ABL5LJE6Z8Q83AYL



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Bolonia) que teñan unha resolución oficial da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco Español de Cualificación para a Educación Superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos de máster universitario.

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificadas con posterioridade no prazo de emenda de defectos formais.

As puntuacións outorgadas publicaranse na web www.depo.es.

2) Segunda fase: proba tipo test, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de 20 preguntas, con catro respostas alternativas, propostas polo tribunal e correspondentes ás seguintes materias, nun tempo máximo de 20 minutos,:

A Constitución española de 1978. Principios, dereitos e deberes dos españois.

A prevención de riscos laborais; actuacións do/da empresario/a en materia de prevención de riscos laborais e organización de recursos para as actividades preventivas.

As bases desta convocatoria.

A procura do posto de traballo: a demanda de emprego, a solicitude do posto de traballo ante a oficina de emprego dos servizos públicos de emprego, a solicitude dun posto de traballo ante as axencias de colocación e a busca dun posto de traballo en países da Unión Europea, no espazo Económico Europeo ou na Confederación Suíza.

O contrato de traballo, formalización e características do contrato de traballo, modalidades.

O material para poder preparar os temas 2, 3, 4 e 5 pódese atopar neste mesmo documento, así como na Guía laboral do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, publicada na web do propio Ministerio.

Esta proba valorarase de cero (0,00) a dous (2,00) puntos.

A data e mais a hora na que deberá constituírse cada tribunal, ademais do día e a hora para a realización desta proba, será determinaraos o deputado delegado de Persoal mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e a composición do tribunal, que se publicará mediante anuncio en www.depo.es, polo menos con 5 días hábiles de antelación.

As persoas aspirantes convocaranse para esta proba nun único chamamento, quedando decáidas no seu dereito as que non comparezan a realizalo e, consecuentemente, quedarán excluídas do proceso, agás nos casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal. Deberán presentarse para realizaren esta proba provistas do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

Na realización e corrección desta proba garantirase o anonimato, para o cal o tribunal poderá empregar os medios que considere oportunos.

Á puntuación obtida polas persoas aspirantes na proba tipo test sumaráselle a que corresponda á valoración de méritos, acadándose así a puntuación final.

No caso de empate nas puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase pola maior puntuación acadada na nota media global do expediente académico.

Na páxina www.depo.es publicaranse as puntuacións outorgadas, xunto coa relación das candidaturas seleccionadas, por orde decrecente, para cada unha das titulacións convocadas, indicando as candidatas ou candidatos seleccionados e as e os correspondentes suplentes.

As persoas aspirantes seleccionadas, por orde de maior a menor puntuación, deberán elixir a empresa/entidade na que van desenvolver as prácticas entre aquelas que figuran no anexo I como destinatarias das bolsas convocadas.

O procedemento para a elección de destinos describirase nas instrucións, dispoñibles na web da Deputación unha vez sexan publicados os resultados do proceso de selección, nos que figurarán as persoas candidatas seleccionadas e as suplentes de cada expediente.

7. Unha vez finalizado o proceso de selección e adxudicadas as bolsas cos seus correspondentes destinos, de producirse unha ampliación do número de bolsas convocadas, estes novos destinos adxudicaráselles ás persoas candidatas suplentes das titulacións afectadas seguindo a orde de puntuación obtida no proceso de selección descrito.

8. No caso de non haber candidatas ou candidatos suficientes para algunha das bolsas convocadas estas quedarán vacantes e daranse por finalizados os procesos de selección correspondentes ás titulacións afectadas e procederase a arquivar a solicitude de adxudicación ou concesión das bolsas convocadas.

Oitava. Adxudicación das bolsas

O Servizo de Recursos Humanos e Formación, á vista das actas das comisións seleccionadoras constituídas e a elección realizada polas persoas bolseiras, formulará as propostas de adxudicación das bolsas convocadas ao órgano competente para a resolución do procedemento, especificando as persoas bolseiras que resulten beneficiarias das titulacións convocadas. As listaxes coas candidatas ecandidatos suplentes para os casos de renuncia, incumprimento de obrigas, incapacidade sobrevida ou calquera outra causa que implique a perda da condición de bolseiro ou bolseira publicaranse na web da Deputación www.depo.es

A resolución, que porá fin á vía administrativa, publicarase na páxina web da Deputación, expresando a identidade da persoa bolseira, a empresa de destino, a contía das bolsas, a duración e a data de efectos.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, de conformidade co disposto nos artigos 112, 123, 124, da LPACAP, ou, directamente,



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Por outra parte, tendo en conta que a Deputación de Pontevedra estivo adherida á Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013-2016, desenvolvida polo Goberno de España, con recoñecemento expreso por parte do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e visto o éxito dos resultados alcanzados co plan en anos anteriores, esta convocatoria ten por obxecto darlle continuidade a esta iniciativa e en previsión da adhesión a unha nova edición da Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias do Plan de práctica laboral autorizan, polo feito de participaren nel, a remisión dos datos que requira, no seu caso, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social con fins estatísticos.

Novena. Condicións xerais

Establécense as seguintes condicións xerais:

1. As bolsas terán unha duración de seis meses, contados desde a data na que a persoa adxudicataria comece as súas prácticas na empresa correspondente, e poderán prorrogarse por outros seis meses por acordo da Xunta de Goberno, cumprindo o disposto na cláusula décima destas bases e sempre que exista dotación orzamentaria. No caso de urxencia poderá prorrogarse por Resolución presidencial dándolle conta á Xunta de Goberno.
2. As bolsas serán incompatibles con calquera outra actividade remunerada, de calquera natureza, exceptuando as asistencias ou indemnizacións por razón do servizo.
3. As persoas beneficiarias comprometeranse a observar o horario de traballo e a disciplina da empresa onde se desenvolva a súa práctica laboral co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro, non podendo exceder dun máximo de 40 horas semanais, que poderán ser distribuídas tendo en conta as necesidades de servizo da empresa.
4. O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral nin funcional coa Deputación de Pontevedra nin coa empresa na que se desenvolvan as actividades da práctica laboral, polo que non implica, en consecuencia, ningún tipo de compromiso para un posterior contrato ou vinculación con este organismo provincial nin coa referida empresa.
5. O pagamento do importe da bolsa realizarase por mensualidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que proceda, de conformidade co previsto no R.d. 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, así como na orde pola que se desenvolven as normas reguladoras da cotización á Seguridade Social para o ano correspondente.
6. As bolsas que queden vacantes despois do período de prórroga non se cubrirán coas e cos candidatos suplentes.



Décima. Xustificación e renovación da bolsa

- a) Para tramitar a prórroga da bolsa será necesaria a seguinte documentación:
- Memoria sobre o conxunto das prácticas realizadas, na que se especifiquen os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados.
 - Informe da avaliación da titora ou titor, no que se deberá indicar se procede ou non a prórroga.
- Esta documentación (a memoria e o informe) deberá presentarse no Rexistro xeral da institución provincial cun mes de antelación á data prevista de finalización.
- b) A Xunta de Goberno, en vista do informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra, resolverá esta solicitude, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e o aproveitamento demostrado pola persoa bolseira.

Décimo primeira. Revogación e reintegro da bolsa

En calquera momento a Xunta de Goberno poderá, a proposta das empresase mediante resolución motivada, revogar a bolsa da persoa adxudicataria que non cumpra debidamente as condicións esixidas nestas bases ou as normas xerais de funcionamento da empresa de destino, aténdose ao establecido no artigo 36 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e suspendendo o aboamento da bolsa.

Neste senso, daranse por finalizadas as prácticas da persoa bolseira cando concurra algunha das seguintes causas:

1. Renuncia voluntaria por parte da persoa bolseira. Isto implicará a perda dos dereitos formativos e económicos que lle puidesen corresponder. As renuncias deberán estar motivadas por unha causa xustificada. No caso contrario poderá penalizarse a persoa bolseira coa imposibilidade de participar en próximas convocatorias de plans de práctica laboral da Deputación de Pontevedra.
2. Renuncia da empresa á bolsa solicitada e adxudicada. A renuncia quedará supeditada á existencia de motivos xustificadas, previamente aceptados pola Deputación. De non existir causa xustificada poderá penalizarse á empresa coa imposibilidade de participar en próximas convocatorias ou de obter calquera outro tipo de axuda ou subvención desta institución, quedando sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, se establecen nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Incumprimento das obrigas dalgunha das partes. No caso de incumprimento grave das obrigas esenciais por parte da empresa adxudicataria resolverase a bolsa.
4. Baixa por incapacidade temporal cunha duración superior a trinta días ou, no caso de maternidade, unha vez transcorridas as seis semanas de descanso obrigatorio, salvo reincorporación voluntaria á bolsa da Deputación, por renuncia presentada no INSS ao tempo restante que corresponda.
5. Mutuo acordo entre a empresa e a persoa bolseira.



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

No caso de que a persoa beneficiaria incumpra as condicións impostas para a concesión e a execución da bolsa, concorrendo algunha das causas previstas no artigo 37 da LXS, poderá esixirse o reintegro total desta.

No caso de renuncia da empresa á bolsa concedida sen causa xustificada a Deputación realizará as xestións oportunas para poder destinar a persoa bolseira a outra empresa, no caso de existir destinos dispoñibles, a fin de lle dar continuidade á bolsa de prácticas convocada pola institución provincial. Entre tanto a bolsa queda en suspenso durante un período que non poderá exceder de tres meses e a persoa bolseira pasará a ocupar o primeiro lugar da relación de persoas candidatas suplentes na mencionada titulación. Procederase de igual modo nos casos de resolución da bolsa por causas xustificadas non imputables á persoa bolseira. Transcorridos os tres meses perderase o dereito á bolsa.

Décimo segunda. Suspensión

No caso de maternidade, enfermidade ou accidente, a persoa bolseira percibirá a prestación correspondente da Seguridade Social. En tal caso, a Deputación non complementará ningunha cantidade adicional á citada prestación.

Esta situación non ocasionará a finalización das prácticas, agás cando a ausencia exceda os trinta días continuados nos casos de enfermidade ou accidente e no caso de maternidade unha vez transcorridas as seis semanas de descanso obrigatorio, salvo reincorporación voluntaria por renuncia presentada no INSS ao tempo restante que corresponda. No suposto de que se supere o dito prazo a Deputación poderá dar por concluída a práctica laboral da persoa bolseira.

Décimo terceira. Renuncia

No caso de que a persoa beneficiaria renuncie antes de que finalice o período de prácticas deberá presentar no Rexistro xeral da Deputación a correspondente solicitude, dirixida ao Servizo de RR. HH. e Formación, e informar previamente ao seu titor ou titora, indicando o motivo da renuncia e a data do último día efectivo de prácticas no centro de destino. De non existir causa xustificada penalizarase a persoa bolseira coa imposibilidade de participar nas próximas convocatorias de plans de práctica laboral da Deputación de Pontevedra.

En tal situación a empresa poderá solicitar que se cubra a bolsa que queda vacante polo tempo restante (sempre que sexa igual ou superior a seis meses) cunha candidata ou un candidato suplente, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección.

Décimo cuarta. Bolsas desertas

Se non chega a cubrirse o número total de bolsas convocadas para unha determinada titulación por falta de persoas candidatas as bolsas correspondentes quedarán desertas dando por finalizado o proceso de selección e procederase a archivar a solicitude de adxudicación ou concesión das bolsas convocadas.



Décimoquinta. Obrigas e dereitos da persoas bolseiras

Son obrigas dos bolseiros as seguintes:

1. Incorporarse á empresa na data sinalada
2. Respetar, en todo momento, a normativa da empresa, seguindo as instrucións que lle sexan dadas e cumprir o programa formativo
3. Desenvolver unha actitude favorable para a súa integración na empresa e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento
4. Observar e cumprir o horario das prácticas co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro
5. Cumprir as medidas de prevención que en cada caso se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola daquelas outras persoas ás que lles poida afectar a súa actividade a causa dos seus actos ou omisións
6. Usar adecuadamente as máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas, entre outras, que utilice no seu proxecto, de acordo coas instrucións do fabricante ou responsable das prácticas
7. Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola empresa, de acordo coas instrucións recibidas
8. Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre canta información poidan chegar a coñecer en relación co proceso produtivo, os sistemas técnicos empregados na empresa ou calquera aspecto económico ou comercial de análoga natureza e non explotar aqueles traballos realizados na práctica obxecto deste convenio, sen a autorización expresa, en ambos os casos, da empresa. Este compromiso será válido non só durante a práctica senón unha vez finalizada esta, por un período que, no seu caso, determinará a propia empresa
9. Asistir ás accións formativas que organice a empresa dentro da xornada laboral relacionadas coas súas prácticas
10. No caso de enfermidade ou accidente o bolseiro deberá comunicarlle a súa situación á empresa e á Deputación, presentando o oportuno parte médico xustificativo.
11. No caso de renuncia a persoa bolseira quedará obrigada a comunicalo á empresa e á Deputación con sete días hábiles de antelación
12. Achegarlle ao organismo provincial unha copia da vida laboral actualizada transcorridos tres meses desde a finalización das prácticas

Son dereitos das persoas bolseiras os seguintes:

1. Seren informadas sobre a forma de proceder no caso de emerxencia, primeiros auxilios ou evacuación
2. Recibir formación en materia preventiva e sobre as instalacións nas que se desenvolven as prácticas



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

3. Gozar do permiso necesario para a realización de exames de carácter oficial, achegando a correspondente xustificación
4. Gozar dun permiso de dous días hábiles de descanso por mes de prácticas, que se poderán solicitar de forma independente por meses ou ao final do período

Décimo sexta. Obrigas das empresas

1. Confeccionar e cumprir fielmente o proxecto ou programa formativo.
2. Facerse cargo da xestión, coordinación e seguimento das prácticas.
3. Designar a unha persoa coa titulación académica adecuada ou a experiencia laboral suficiente, con vinculación acreditada co centro de destino, para que actúe como persoa titora, que se encargará de facilitarlle á persoa bolseira a súa integración neste, deberá asesorala nos momentos que necesite, velar pola súa formación e polo cumprimento da práctica, supervisando as tarefas desempeñadas e informando, cando proceda, á Deputación. A persoa titora deberá estar permanentemente ao tanto de todas as tarefas que se lle encomenden e procurar que non se lle asignen traballos que estean fóra da súa responsabilidade como persoa bolseira.
4. Facilitarlle á persoa bolseira os medios e recursos necesarios para a realización das prácticas e destinala ás actividades previstas no proxecto ou programa formativo.
5. Controlar o cumprimento do horario das prácticas mediante un parte de asistencia, que estará á disposición da Deputación para efectuar as comprobacións que estime oportunas.
6. Garantir unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde.
7. Velar polo cumprimento das medidas de prevención e polo uso adecuado das máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas, etc. que utilice a persoa bolseira na realización das prácticas.
8. Subscribir un seguro de responsabilidade civil, complementario do que contrate a Deputación, no caso de que a actividade práctica que se vaia desenvolver así o requira.
9. Concederlle permiso á persoa bolseira para realizar exames de carácter oficial, sempre e cando esta presenta a correspondente xustificación.
10. Permitirlle á persoa bolseira a asistencia a accións formativas relacionadas coa súa titulación.
11. Fomentar e promover actividades relacionadas co proceso de formación da persoa bolseira.
12. Conceder dous días hábiles ao mes descanso, que poderán gozar dentro do período de duración da práctica e que serán independentes dos períodos mínimos de descanso semanal.

Código seguro de verificación: ABL5LJE6Z8Q83AYL



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

13. Sufragar os gastos de desprazamento e, se fose necesario, de estancia, orixinados pola realización de determinados traballos, estudos ou informes relacionados coa formación práctica da persoa bolseira, fóra da oficina ou dependencia da entidade na que de forma habitual se desenvolven as prácticas, de acordo cos límites previstos no Real decreto 462/2002, de indemnizacións por razón do servizo.
14. Solicitar a prórroga da bolsa no prazo establecido.

Décimo sétima. Responsabilidades

As persoas beneficiarias destas bolsas estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, se establecen no artigo 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo oitava. Devolución da documentación

Transcorridos seis meses desde o final do proceso selectivo a documentación presentada, agás a instancia, será destruída, polo que se lles recomenda ós interesados que a retiren no referido prazo.

Décimo novena. Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e control das prácticas constituirase unha comisión de seguimento, coa finalidade de resolver as incidencias e dúbidas que se produzan no seu desenvolvemento.

A comisión estará presidida por un deputado ou unha deputada, ou persoa en quen delegue, e estará integrada por tres técnicos da Deputación.

A comisión terá as seguintes competencias no desenvolvemento do programa de prácticas:

1. Garantir que as prácticas se corresponden cos compromisos asumidos pola empresa
2. Resolver os problemas que se susciten na súa execución
3. Proponer medidas en relación ás incidencias que xurdan durante a realización das prácticas

A comisión reunirse cando o considere necesario con calquera das partes e como mínimo antes de que finalice o período de duración das prácticas.

Vixésima. Dereitos supletorios

A convocatoria, a selección das persoas candidatas e a realización dos traballos que dan dereito ás bolsas suxeitaranse ao previsto nestas bases, á Lei xeral de subvencións e na LPACAP.

Pontevedra, a 7 de setembro de 2017.—O Deputado Delegado.—O Secretario.

ANEXO I ►

Código seguro de verificación: ABL5LJE6Z8Q83AYL



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

Nº	Nombre expediente	Titulación solicitada	Nº bolsas	Razón Social	Concello
1	2016E002	CICLO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	4	ARDAO, C.B.	Pontevedra
2				JUAN CARLOS BLANCO CORDIDO (Aluminios JC Blanco)	Agolada
3				LACTEOS FARELO	Agolada
4				ROBERTO CARLOS RICON RODRIGUEZ (ASESORÍA RODRÍGUEZ)	Ponte Caldelas
5	2016E004	CICLO SUPERIOR EN ASISTENCIA Á DIRECCIÓN	1	EVA GONZÁLEZ GONZÁLEZ (negocios y networking)	Vigo
6	2016E006	CICLO SUPERIOR EN DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS WEB	1	JORGE FUENTES CARBALLEDA (CÓDIGO DIGITAL)	Estrada, A
7	2016E008	CICLO SUPERIOR EN DISEÑO E EDICIÓN DE PUBLICACIÓN IMPRESAS E MULTIMEDIA	1	JOSE JAVIER VALVERDE VILLAR	Gondomar
8	2016E009	CICLO SUPERIOR EN DISEÑO E XESTIÓN DA PRODUCCIÓN GRÁFICA	5	ARTES GRAFICAS BAROGA S.L	Bueu
9				BEATRIZ BAQUEIRO FOTOGRAFÍA	Pontevedra
10				EMILIO GULÍN HERMIDA (RÓTULOS GULÍN)	Pontevedra
11				GRÁFICAS ANDURIÑA, S.C.G.	Poio
12				PABLO TIERNO REY (ORGANIZACIÓN DE EVENTOS)	Pontevedra
13	2016E011	CICLO SUPERIOR EN GRÁFICA PUBLICITARIA	1	JOSE LUIS SABARIS CASTRO (Espacio Dixital)	Poio
14	2016E012	CICLO SUPERIOR EN GUÍA, INFORMACIÓN E ASISTENCIAS TURÍSTICAS	1	ADEGA DOS EIDOS, S.L.	Sanxenxo
15	2016E023	CICLO SUPERIOR EN XESTIÓN DE VENTAS E ESPAZOS COMERCIAIS	6	BEATRIZ ROMERO ALEGRET (COMERCIO CALZADOS Y COMPLEMENTOS)	Vilagarcía de Arousa
16				BREDARA, S.L.N.E.	Barro
17				CHESTER MOBILIARIO, SCG	Vilaboa
18				GRUPO SÉMOLA, S.L.	Vigo
19				PALOMA COVELO VARELA (VENTA Y DISEÑO DE JOYAS, TOCADOS Y COMPLEMENTOS)	Pontevedra
20				SAMUEL PEREZ REY (NUBE)	Marín
21	2016E026	DIPLOMATURA EN CIENCIAS EMPRESARIAIS/GRAO EN CIENCIAS EMPRESARIAIS/ GRAO EN XESTIÓN EN MEDIANAS E PEQUENAS EMPRESAS/GRAO EN COMERCIO	4	ASOCIACIÓN DE AUTÓNOMOS DE COMERCIO, HOSTELERÍA E INDUSTRIA DE TOMIÑO (ADETO)	Tomíño
22				Razón Social	Concello
23				AUTOSISAN S.L.	Ribadumia
24				INFORMATICA SAN BENITO, S.L.	Guarda, A

Código seguro de verificación: ABL5LJE6Z8Q83AYL



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

Nº	Nombre expediente	Titulación solicitada	Nº bolsas	Razón Social	Concello
25	2016E028	DIPLOMATURA/GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL	1	EDUVÍA XESTIÓN, CULTURA E LECER, S.L.	Lalín
26	2016E029	DIPLOMATURA/GRAO EN ENFERMERÍA	2	CENTRO MEDICO SANS, S.L.	Vigo
27				RESIDENCIA SALVATIERRA S.L.	Salvaterra de Miño
28	2016E030	DIPLOMATURA/GRAO EN FISIOTERAPIA	6	ANDREA VILA GONZALEZ (Centro Fisioterapia)	Ponteareas
29				ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP)	Vigo
30				CENTRO DE FISIOTERAPIA FISIOLEREZ C.B.	Pontevedra
31				CLARA GONZÁLEZ BARREIRO (FISIOSALNES)	Meis
32				MASCATO PORTELA C.B	Grove, O
33				MC FISIOTERAPIA C.B.	Illa de Arousa, A
34				2016E034	DIPLOMATURA/GRAO EN TURISMO
35	NAVIERA ILLA DE ONS, S.L.	Vigo			
36	OFTEFOR C.B. (CORTICATA TURISMO MEDIOAMBIENTAL)	Vilagarcía de Arousa			
37	2016E035	ENXEÑERÍA INDUSTRIAL, ORIENTACIÓN EN ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL/GRAO EN ENXEÑERÍA EN ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL	6	AC SYSTEMS ATLANTIC S.L.U.	Vigo
38				ALSERVI, S.L.	Vigo
39				CENTRO TECNOLÓGICO DE GRUPO COPO, S.L.	Mos
40				COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA	Vigo
41				MECANIZADOS CASTRO GALICIA, S.L.	Vigo
42				TECDISMA, S.L.	Mos
43	2016E040	ENXEÑERÍA TÉCNICA DE TELECOMUNICACIÓN/GRAO EN ENXEÑERÍA DE TECNOLOXÍA DE TELECOMUNICACIÓN/ENXEÑERÍA DE TELECOMUNICACIÓN	1	MCA TELECOM, SA	Marín
44	2016E042	ENXEÑERÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE SISTEMAS/ENXEÑERÍA INFORMÁTICA/GRAO EN ENXEÑERÍA INFORMÁTICA	2	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALXHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA.)	Vigo
45				CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, CIP	Vigo
46	2016E043	ENXEÑERÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE XESTIÓN/ENXEÑERÍA INFORMÁTICA/GRAO EN ENXEÑERÍA INFORMÁTICA	5	ANUBIA SOLUCIONES EN LA NUBE, S.L.	Vigo
47				QUADRALIA, S.L.	Porriño, O
48				RENUOVA VAL MIÑOR S.L.	Nigrán
49				SOCIEDAD ELECTRICISTA DE TUY S.A.	Tui
50				SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.	Lalín

Código seguro de verificación: ABL5LJE6Z8Q83AYL



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

Nº	Nombre expediente	Titulación solicitada	Nº bolsas	Razón Social	Concello
51	2016E048	ENXEÑERÍA TÉCNICA INDUSTRIAL EN MECÁNICA/ENXEÑERÍA INDUSTRIAL, ORIENTACIÓN EN MECÁNICA/GRAO EN ENXEÑERÍA MECÁNICA	5	DINAK, S.A.	Vigo
52				MECANIZADOS Y OXICORTES, S.L.	Mos
53				MEPRONOR SLU	Tui
54				TALLERES, MONTAJES Y SERVICIOS RECAN, S.L.	Salvaterra de Miño
55				TESOL, S.L.	Vigo
56	2016E051	GRAO EN CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS/GRAO EN NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA/LICENCIATURA EN CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	1	PANADERIA ERUNDINA, S.L.	Porriño, O
57	2016E061	LICENCIATURA/ GRAO EN VETERINARIA	1	O RODO, SDAD. COOP. GALEGA	Rodeiro
58	2016E062	LICENCIATURA/GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	2	OPCON INFORMATICA S.L.	Vigo
59				TOP VENTANA S.L.	Cambados
60	2016E066	LICENCIATURA/GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE	1	PIRAGÜILLA, S.C.	Illa de Arousa, A
61	2016E079	LICENCIATURA/GRAO EN PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS	1	GRUPO GALLEGA LABORAL DEZA, S.L.	Silleda
62	2016E088	CICLO SUPERIOR EN HIXIENE BUCODENTAL	1	DENTASUR S.L.	Pontevedra
63	2016E089	LICENCIATURA/GRAO EN FARMACIA	3	JOSE MANUEL REBOREDA SOMOZA (Farmacia)	Poio
64				Mª PAZ ABRIL GÓMEZ (FARMACIA)	Pontevedra
65				MARÍA CARMEN OUTEDA CHANTADA	Bueu
66	2016E091	CICLO SUPERIOR EN AUTOMOCION	4	JOSE MOREIRA COUTO (TALLERES MOREIRA)	Estrada, A
67				NEUMATICOS HERMANOS SANTORUM, S.L.	Cambados
68				RENE LORENZO TABOAS (TALLERES RS MOTOR)	Porriño, O
69				TALLERES SPORT NOVAS, S.L.	Rosal, O
70	2016E093	CICLO SUPERIOR EN DIRECCIÓN DE SERVICIOS DE RESTAURACIÓN	5	HOTEL RURAL CAMPANIOLA,S.L.	Pontevedra
71				INVERSIONES CASA ALCALDE,S.L.	Pontevedra
72				O MISTERIO TAPERÍA	Vilagarcía de Arousa
73				TABERGA SL (RESTAURANTE - VINOTECA BORONA)	Pontevedra
74				TENDERETE, S.L.	Ponteareas
75	2016E095	LICENCIATURA/ GRAO EN ODONTOLOXÍA	1	FRANCISCO JAVIER PARDO OTERO (Clínica Dental)	Pontevedra
76	2016E096	CICLO SUPERIOR EN PROGRAMACIÓN DA PRODUCCIÓN EN FABRICACIÓN MECÁNICA	2	INTRUMOL, S.L.	Vigo
77				PREGALTEC, S.L.	Porriño, O

Código seguro de verificación: ABL5LJE6Z8Q83AYL



Luns, 18 de setembro de 2017

Núm. 179

Nº	Nombre expediente	Titulación solicitada	Nº bolsas	Razón Social	Concello
78	2016E098	CICLO SUPERIOR EN PAIXASISMO E MEDIO RURAL	1	ALBERTO FERNANDEZ TABOADA (FINCA DE BENDOIRO, AGRICULTURA ECOLÓXICA)	Lalín
79	2016E099	DIPLOMATURA/ GRAO EN ÓPTICA E OPTOMETRÍA	2	EMILIO LAFUENTE LESTÓN (ÓPTICA LAFUENTE)	Pontevedra
80				OPTICA REAL ESTEVEZ REY, SL	Baiona
81	2016E100	CICLO SUPERIOR EN CONSTRUCCIÓN METÁLICAS	2	HIJOS DE ROBERTO FUERTE, SL	Vila de Cruces
82				JOSE JUAN COUTO PEREIRAS	Estrada, A
83	2016E101	CICLO SUPERIOR EN MARKETING E PUBLICIDADE	9	AMBITREX, C.B.	Pontevedra
84				BIALACTIS BIOTECH, S.L.	Nigrán
85				DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L.	Vilagarcía de Arousa
86				GRANITOS CABALEIRO S.A	Porriño, O
87				INFORMACION DIRECTA SL	Vilagarcía de Arousa
88				LIMPEZAS VETERIS, SLU	Pontevedra
89				MAR FASHION SL	Pontecesures
90				PEDRO CUBELA BOULLOSA (CLÍNICA CUBELA)	Pontevedra
91				TOOLMAKER, S.L.	Vigo
92	2016E104	ENXEÑERÍA TÉC. TELECOMUNICACIÓNS, ESPEC. TELEMÁTICA/ GRAO ENXEÑERÍA TECNOLOXÍAS TELECOMUNICACIÓN MENCIÓN TELEMÁTICA/ ENX. TELECOMUNICACIÓN, ESPEC. TELEMÁTICA	1	QUALIGY SOLUTIONS INNOVATION, SL	Vilagarcía de Arousa
93	2016E105	ENXEÑERÍA TÉC. TELECOMUNICACIÓNS, ESPEC. SISTEMAS ELECTRÓNICOS/ GRADO ENXEÑERÍA TECNOLOXÍAS TELECOMUNICACIÓN MENCIÓN SISTEMAS ELECTRÓNICOS/ ENX. TELECOMUNICACIÓN, ESPEC. SIST. ELECT.	1	IMAGINA INGENIO, S.L.	Vigo
94	2016E109	CICLO SUPERIOR EN AXENCIAS DE VIAXES E XESTIÓN DE EVENTOS	3	DYSA MARIN S.L.	Marín
95				EXPERIENCIAS DO NORTE, SLL	Pontevedra
96				NAELE, CB	Pontevedra
97	2016E116	CICLO SUPERIOR EN MANTEMENTO ELECTRONICO	1	TRAFOS ELECTRODOMESTICOS SLL	Cambados
98	2016E117	CICLO SUPERIOR EN DESEÑO EN FABRICACIÓN MECÁNICA	1	METALOK MECANIZADOS, S.L.L.	Porriño, O
99	2016E119	GRAO EN DESEÑO TÉXTIL E MODA	1	IDAWEN SPORTS S.L.	Nigrán
100	2016E122	CICLO SUPERIOR EN MECATRÓNICA INDUSTRIAL	1	ACUARIOS OCEANO ATLANTICO, S.L.	Ribadumia
101	2016E123	CICLO SUPERIOR EN MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS E DE FLUIDOS	1	NOVELEC RÍAS BAIXAS, S.L	Porriño, O

Código seguro de verificación: ABL5LJE6Z8Q83AYL

